



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Outros

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	1
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2016
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 29/04/2016 - 00:00h ao 11/05/2016 - 23:00h

**RESPONSABLE:** []

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2016 ao poeta lucense Manuel María Fernández Teixeiro (1929-2004). A EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste galego insigne organizando un acto literario, así como unha viaxe de interese cultural.

### DESTINATARIOS

No acto literario poderá participar o persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 50 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal da Xunta de Galicia.

### PROGRAMA

- 3.1 O día 13 de maio, ás 12.00 horas, no salón de actos da EGAP, terá lugar un acto literario no que intervirán a novelista Marina Mayoral Díaz (Mondoñedo, Lugo) e o escritor Xosé Carlos Caneiro (Verín, Ourense).
- 3.2 Concurso infantil de poesía dirixido aos fillos e fillas dos empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia, con idades entre os 8 e 14 anos, publicado en el DOG núm. 72, do 15 de abril de 2016.
- 3.3 O día 17 de maio terá lugar unha viaxe de interese cultural polos escenarios onde transcorreu unha boa parte da vida do autor homenaxeado. O programa e o percorrido poderanse consultar na páxina web da EGAP.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

As persoas interesadas en participar no acto literario deberán formalizar a súa inscrición, a través da área de matrícula, da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>. O prazo estará aberto dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata as 23.00 horas, do día 11 de maio 2016.

Unha vez formalizada a inscrición á que se refire o apartado anterior, as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a [novas.egap@xunta.es](mailto:novas.egap@xunta.es), no que indiquen o seu nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir ao acto literario. Para a selección da viaxe cultural terase en conta a data e a hora de recepción do correo electrónico.

### 3. DATOS EDICIÓN

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 13/05/2016 a 17/05/2016

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

XOSE CARLOS CANEIRO PEREZ

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 13 de maio de 12:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA